



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2008,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**PROXECTOS DE LEI**

**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Proxecto de Lei galega de acción voluntaria

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun acordo específico de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e a Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura (OEI), para a asignación de mozos/as titulados/as universitarios/as para a realización de prácticas na OEI
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e a Fundación *Save the Children* España, para a execución do proxecto: "Apoio á recuperación das actividades produtivas para as familias afectadas polo ciclón Nargis en Myanmar"
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Murcia para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a *Revista Xurídica Galega*, para realizar os traballos para elaborar un dicionario xurídico galego

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Ares á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do Sistema



Universitario de Galicia, para a o desenvolvemento dos servizos xerais de apoio á investigación

### **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, a Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a entidade pública empresarial Red.es, para o establecemento, posta en servizo e explotación da rede de fibra escura de conexión entre a Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia (RECETGA) e a Rede Española RedIRIS, coa Rede Académica Portuguesa RCTS

### **CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Cultura e Deporte, e a Federación Galega de Balonmán co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade, e se autoriza o establecemento dun anticipo do 50% da subvención no momento da súa concesión

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo, a Confederación Galega de Asociacións Veciñais e a Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública, para o desenvolvemento dun programa de formación de axentes comunitarios na identificación de problemas de saúde
- Acordo polo que se aproba o acordo acadado entre a Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, UGT, e CEMSATSE, que ten por obxecto a mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde



## **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e o Consello Regulador da Denominación de Orixe Mexillón de Galicia para a realización do proxecto “Valoración da eficacia da eliminación de virus e outros indicadores de contaminación fecal en sistemas de depuración intensiva”

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Vilaboa para a execución da obra “Rede de distribución de auga potable en Paredes. 2ª fase. Vilaboa (Pontevedra)”, clave OH 236.799, por importe de catrocentos trinta e oito mil oitocentos cincuenta euros con cincuenta céntimos (438.850,50)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Foz para a execución das obras “Mellora da rede de abastecemento de Foz. Foz (Lugo)”, clave OH.227.503, por importe dun millón novecentos sesenta mil douscentos trece euros con trinta e tres céntimos (1.960.213,33)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Vilamarín para a execución da obra “Mellora de infraestruturas de saneamento e depuración na capitalidade do concello de Vilamarín. Vilamarín (Ourense)”, clave OH.332.656, por importe de trescentos corenta e sete mil setecentos oitenta e seis euros con corenta e nove céntimos (347.786,49)

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO**

- Acordo polo que se autoriza o asinamento de convenios co sector da automoción para a realización dun plan de actuación extraordinario de formación, se autoriza o modelo tipo do convenio de colaboración que se subscribirá entre a Consellería de Traballo e as empresas do sector e se autoriza o conselleiro de Traballo para a sinatura individual dos convenios, ata un máximo de 400.000 euros por cada un deles



## **CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Xinzo de Limia para o aluguer de sete vivendas no programa de erradicación do chabolismo



## **A XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI GALEGA DE ACCIÓN VOLUNTARIA, QUE APOSTA POLA CALIDADE E A COORDINACIÓN DO VOLUNTARIADO EN GALICIA**

- ***O texto prevé a creación de novos órganos como o Observatorio Galego de Acción Voluntaria, a Rede Galega e o Foro de Acción Voluntaria, así como a posta en marcha da Escola Galega de Xuventude e Acción Voluntaria e da figura do xestor de voluntariado***
- ***Supón revisar o modelo de intervención e superar a visión meramente asistencialista da acción voluntaria***
- ***A norma exclúe do voluntariado calquera tipo de traballo remunerado; e regula e actualiza o Estatuto de acción voluntaria, relacionando claramente os dereitos e deberes dos voluntarios***
- ***Persegue a coordinación interdepartamental das diferentes áreas do Goberno galego, de xeito que se avance cara a unha verdadeira política transversal***
- ***A Lei elaborouse coa importante achega das entidades de acción voluntaria de Galicia***
- ***No Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria hai inscritas 726 entidades e calcúlase que 30.000 persoas colaboran e participan, dun xeito ou doutro, no voluntariado en Galicia***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto da Lei Galega de Acción Voluntaria, coa que se pretende coordinar a acción voluntaria no noso país e adaptarse a unha nova realidade marcada pola puxanza do movemento solidario en Galicia. A norma, que substituirá a lei vixente, do ano 2000, nace para dar resposta á demanda de dotar de novos marcos normativos o sector, fixada xa no Plan Galego de Acción Voluntaria 2006-2010 e que foi tamén trasladada ao Goberno galego desde as propias entidades de voluntariado.

O texto atende a cinco eixes que era preciso abordar nun novo marco legal. En primeiro lugar, había que revisar o modelo de intervención, de tal forma que se supera agora a visión meramente asistencialista da acción voluntaria. O segundo alicerce da nova norma pasaba por redefinir o concepto de acción voluntaria, tendo en conta a evolución experimentada desde a publicación da actual Lei de Voluntariado como consecuencia da transformación da realidade social, dos problemas e das grandes manifestacións de acción voluntaria producidas ante situacións de emerxencia social, o que facía necesario unha actualización e redeseño estratéxico das políticas públicas da acción voluntaria.

A terceira necesidade centrábase en trazar claramente a fronteira de determinación da laboralidade e da acción voluntaria, excluindo do concepto desta última calquera tipo de traballo remunerado. En cuarto lugar, había que regular e actualizar o estatuto de acción voluntaria, relacionando claramente os dereitos e deberes. Finalmente, como quinto eixe estratéxico, perséguese a coordinación interdepartamental das diferentes áreas do Goberno galego, de xeito que se avance cara a unha verdadeira política transversal, por



canto a acción voluntaria require unhas políticas multisectoriais que exixen a planificación e coordinación con outros sectores.

### **Estrutura da lei**

O título I contén as disposicións de carácter xeral, establece o seu obxecto e ámbito de aplicación, así como o concepto e os fins da acción voluntaria, e enuméranse as actividades de interese xeral e os principios básicos. Este título incorpora como principal novidade o concepto de acción voluntaria fronte ao de voluntariado, para abarcar toda a actividade solidaria sexa cal sexa o seu ámbito de actuación. Así mesmo, recolle expresamente que a acción voluntaria non poderá, en ningún caso, substituír o traballo remunerado ou eximir a Administración pública autonómica da prestación das súas obrigas. En canto ao tipo de actividades, apóstase pola calidade e a formación.

O título II regula as persoas participantes da acción voluntaria, establece o seu estatuto xurídico, relacionando os seus dereitos e deberes.

O título III contén disposicións reguladoras das entidades de acción voluntaria, incorpora un estatuto de dereitos e obrigas e realiza a previsión das consecuencias en caso de incumprimento de fins e obrigas.

O título IV refírese ás relacións entre as persoas voluntarias e as entidades de acción voluntaria, regula o compromiso de colaboración, o réxime de incompatibilidades e a acreditación identificativa, así como a responsabilidade extracontractual das entidades fronte a terceiros e a resolución de conflitos.

O título V fai referencia ás persoas destinatarias da acción voluntaria, recolle o concepto destas, o seu estatuto e as relacións das persoas destinatarias da acción voluntaria coas entidades e as persoas voluntarias. Este título supón unha das principais novidades respecto da lei vixente, na cal non se regulaba o estatuto das persoas destinatarias da acción voluntaria e só recollía os dereitos e deberes das persoas voluntarias e das entidades de acción voluntaria.

O título VI refírese á distribución de competencias e aos mecanismos de coordinación interadministrativa e interdepartamental, así como ao seguimento, supervisión e avaliación das actuacións. Créase a figura do Consello Interdepartamental de Acción Voluntaria para coordinar as actuacións que, en materia de acción voluntaria, efectúen os distintos órganos da Administración autonómica.

O título VII regula os instrumentos de planificación e de ordenación da acción voluntaria, os cales supoñen unha innovación respecto á actual Lei de Voluntariado. No tocante á planificación, establécense tres niveis: un plan estratéxico constituído polo Plan Galego de Voluntariado; plans sectoriais elaborados por instancia da Comunidade Autónoma ou das entidade locais, que desenvolvan o plan estratéxico; e programas e proxectos a través dos cales se concretará a planificación estratéxica e sectorial. Por outra banda, refórzase o Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria, introducindo unha regulación máis



específica das condicións para a inscrición e cancelación das entidades e apostando tamén pola súa función como instrumento de control da actividade das entidades.

O título VIII recolle a participación das entidades e persoas voluntarias e regula os órganos de consulta e participación, entre os cales se encontran o Consello Galego de Acción Voluntaria e o Observatorio Galego de Acción Voluntaria, no que se engloban o Foro de Acción Voluntaria e a Rede Galega, estes tres de nova creación. En canto ao primeiro, o Consello Galego de Acción Voluntaria, xa figura na actual lei, pero cambia a súa composición para acadar a paridade e incorpora funcións fundamentalmente técnicas e de asesoramento.

A principal novidade da norma vén determinada pola creación de novos órganos. Trátase do Observatorio Galego de Acción Voluntaria, como órgano administrativo que terá como obxectivo o desenvolvemento de actuacións encamiñadas á investigación, á formación así como á creación e ao establecemento de sistemas de información e documentación; da Rede Galega, que incorporará mecanismos que permitan compartir información e recursos e potenciará o uso das novas tecnoloxías de información e de comunicación nas organizacións de acción voluntaria; e do Foro de Acción Voluntaria, que se constituirá como un foro de comunicación que se encargará da promoción das iniciativas de acción voluntaria levadas a cabo tanto por entidades locais como por entidades privadas co obxectivo de aglutinar os movementos sociais, os medios de comunicación, as administracións públicas e as entidades de acción voluntaria.

Finalmente, o título IX prevé as figuras das persoas xestoras da acción voluntaria e da Escola Galega de Acción Voluntaria, que supoñen tamén dúas das principais novidades da lei. A Escola Galega de Xuventude e Acción Voluntaria terá como obxecto promover a formación, encontro, reflexión e estudo nas materias obxecto da lei, dando coa súa posta en marcha un paso importante no cumprimento dun dos obxectivos do Plan de Voluntariado, que é o fortalecemento da acción formativa. Créase, así mesmo, a nova figura do xestor do voluntariado, unha figura de perfil técnico que ten por obxecto coordinar a acción voluntaria e orientar, de xeito individual ou en grupo, a persoa voluntaria sobre o proxecto en que participa, de acordo co seu perfil, coa súa dispoñibilidade e coas súas preferencias, tendo ademais en conta as necesidades da entidade e da sociedade en cada momento.

### **Proceso participativo**

O Proxecto de Lei ao que hoxe deu luz verde o Consello da Xunta elaborouse coa importante achega das entidades de acción voluntaria de Galicia. O documento é o froito dun proceso de debate e participación que comezara coa elaboración dun documento previo de bases para a reforma que foi obxecto de exame e discusión en diferentes foros de expertos e contrastado coas entidades en encontros a nivel provincial, así como no Congreso Galego de Voluntariado organizado para este fin. Así mesmo, o documento foi abordado en mesas de traballo con representantes dos colectivos e entidades públicas e privadas máis representativos relacionados coa acción voluntaria.



Tras a súa aprobación polo Consello da Xunta, comezará a súa tramitación no Parlamento de Galicia.

No Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria hai inscritas 726 entidades e calcúlase que 30.000 persoas colaboran e participan, dun xeito ou doutro, no voluntariado.





## **O GOBERNO GALEGO COLABORARÁ COA ORGANIZACIÓN DE ESTADOS IBEROAMERICANOS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE TITULADOS UNIVERSITARIOS**

- ***O convenio abre a porta á posibilidade de recibir capacitación profesional durante o seu período de formación na Organización de Estados Iberoamericanos***
- ***Das 14 bolsas de formación financiadas pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior o vindeiro 2009, por vez primeira, unha desenvolverase co apoio da OEI***
- ***Esta oferta, á cal se achegarán 227.160 euros, supón un aumento do 23% respecto á dotación do ano anterior***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun acordo de colaboración entre a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores e a Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura, para a formación de expertos en cooperación internacional para o desenvolvemento. Deste xeito, os mozos titulados universitarios que resulten beneficiados da convocatoria de bolsas de formación publicada o pasado 14 de novembro no *Diario Oficial de Galicia* poderán desenvolver a súa actividade dentro das accións de cooperación levadas a cabo pola Organización de Estados Iberoamericanos (OEI). Esta oferta de 14 bolsas, á cal se destinarán 227.160 euros, supón un aumento do 23% respecto á dotación do ano anterior.

Con esta convocatoria preténdese apoiar a formación de expertos en cooperación internacional, respondendo ao establecido no I Plan director respecto á formación de persoal especializado que contribúa ao fortalecemento do sistema galego de cooperación e ao compromiso de aumentar as bolsas de formación para cooperación internacional en países en vías de desenvolvemento.

Ademais de na OEI por vez primeira, os destinos para a formación son as delegacións das axencias de Nacións Unidas (FAO e UNIFEM), as oficinas técnicas de cooperación en terreo de AECID e os proxectos da Xunta de Galicia en países como Perú, Bolivia, Guatemala, Haití, Senegal, Mozambique, Angola e Cabo Verde, así como a propia sede da Dirección Xeral de Cooperación Exterior en Compostela.

A Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura é un organismo internacional de carácter gobernamental para a cooperación entre os países iberoamericanos no campo da educación, a ciencia, a tecnoloxía e a cultura no contexto do desenvolvemento integral, a democracia e a integración rexional. A OEI comprométese neste caso a nomear un titor para o adecuado seguimento e valoración das actividades realizadas polos bolseiros seleccionados, e a darlles capacitación en tarefas que correspondan ao seu currículo académico e títulos universitarios específicos.



## **A XUNTA APROBA UN CONVENIO PARA A RECUPERACIÓN DAS ACTIVIDADES PRODUTIVAS DAS FAMILIAS AFECTADAS NO MES DE MAIO POLO CICLÓN NARGIS EN MYANMAR**

- ***O Goberno galego asinará un convenio coa Fundación Save the Children para contribuír a reducir a dependencia da axuda humanitaria das familias vulnerables máis afectadas polo ciclón Nargis***
- ***O proxecto pretende beneficiar 168.000 familias e 840.000 persoas das rexións máis afectadas polo ciclón***
- ***A dotación de 200.000 euros procede dunha partida extraordinaria que se vén sumar aos fondos de axuda xestionados pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio coa organización *Save the Children* dotado con 200.000 euros para intervir na fase postemerxencia en Myanmar (antiga Birmania), dada a gravidade e o alcance da devastación do paso do ciclón Nargis o pasado mes de maio.

Nargis foi o ciclón máis devastador en Asia desde 1991 e fontes de *Save the Children* compararon os seus efectos aos da tsunami de 2004. Con ventos de máis 190 quilómetros por hora e ondas de 3,5 metros, o ciclón Nargis deixou, segundo datos oficiais, preto de 85.000 mortos e 54.000 desaparecidos; fontes de Nacións Unidas estiman, no entanto, que o número de vítimas superou os 200.000 e achegan unha cifra similar para os desaparecidos, ademais de dous millóns e medio de afectados.

Segundo datos da FAO, as zonas máis afectadas abranguen o 65% da produción de arroz, o 80% da acuicultura, o 50% da explotación avícola e o 40% da porcina totais da antiga Birmania, co que se espera escaseza alimentaria en todo o país nos próximos dous anos. Isto pon de manifesto a necesidade de traballar na recuperación da actividade produtiva na que se centra o proxecto que *Save the Children* impulsará co apoio do Goberno galego entre outros.

O Goberno de Myanmar declarou zona catastrófica cinco rexións: Yangon, Ayeyarwady, Bago, Mon e Kayin, zonas onde se desenvolverá o proxecto que pretende alcanzar 168.000 familias, sobre 840.000 persoas. Destacan, polos danos sufridos, a antiga capital Rangún, a desembocadura e delta do río Irrawaddy e a costa da baía de Bengala. Ao ser esta zona a produtora da maior parte do arroz e do peixe para abastecer o país, a perda de 783.000 hectáreas de cultivo e de máis de 21.000 hectáreas de piscifactorías exige a intervención para a súa recuperación e para garantir a seguridade alimentaria dos superviventes.



## **A XUNTA RENOVA O CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE MURCIA PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA E A CULTURA GALEGAS**

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo no que se establecen as bases de colaboración entre ambas as dúas institucións ata finais do 2009***
- ***A Xunta de Galicia achega 18.364 euros para financiar as actividades de docencia, promoción e difusión da lingua e para custear a bolsa do lector***
- ***O Centro de Estudos Galegos da Universidade de Murcia conta neste curso cun total de 53 alumnos inscritos nas tres materias que se imparten***

O Consello da Xunta acordou hoxe aprobar a renovación da sinatura do convenio de colaboración existente entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Murcia para darlle continuidade ao programa de docencia, investigación e promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas nesa institución académica.

En virtude deste acordo, o Centro de Estudos Galegos de dita universidade disporá, durante este curso e ata finais do 2009, dos recursos económicos necesarios para o seu funcionamento. Para iso, a Secretaría Xeral de Política Lingüística fará unha achega de 18.363,56 euros.

Parte dese orzamento destinarase a sufragar a organización de accións e actividades relacionadas coa investigación, a docencia, a promoción e a difusión da lingua, a literatura e a cultura galegas. Igualmente, haberá unha partida dentro dese financiamento que se empregará en custear a bolsa do profesor lector que desempeña o seu labor nese centro de estudos.

### **Compromisos da Universidade e da Xunta**

O convenio establece como compromiso da Universidade de Murcia o de darlle continuidade aos estudos de lingua, literatura e cultura galegas dentro dos seus plans de estudo. Ademais, a institución encargárase da organización de actividades en materia de investigación, promoción e difusión da lingua, a literatura e a cultura de Galicia, tales como seminarios, congresos, cursos, exposicións, conferencias ou mesas redondas tanto no ámbito universitario como na súa área xeográfica de influencia. Así mesmo, a universidade comprométese a facilitarlle ao profesor lector os medios técnicos e materiais necesarios para que este último poida levar a cabo o seu traballo, baixo a dirección e coordinación do responsable do Centro de Estudos Galegos.

En canto aos compromisos de Política Lingüística, este departamento autonómico asumirá o financiamento do programa e ocuparase de supervisar a realización das actuacións acordadas e de verificar que se adecuan á finalidade para a que se determinou conceder a subvención.

### **Máis de 50 alumnos**



O Centro de Estudos Galegos da Universidade de Murcia, con sede na Facultade de Letras, forma parte da rede de proxección exterior do galego e conta na actualidade, e á espera aínda de que se peche a matrícula para este curso académico, cun total de 53 alumnos. As materias que se imparten nel son Tradución e interpretación de textos románicos: galego, lingua e literatura galega I, e lingua e literatura galega II.

Ademais da actividade estritamente docente, o Centro de Estudos Galegos da Universidade de Murcia desenvolve outras iniciativas culturais paralelas encamiñadas a fomentar e a poñer en valor a lingua e a literatura de Galicia. Así, acolleu a publicación de traballos como o titulado *Edición e estudo da obra poética de Emilio Pita*, a cargo de José Ángel García López.



## **O GOBERNO GALEGO E A ASOCIACIÓN REXURGA ASINARÁN UN CONVENIO PARA ELABORAR UN DICCIONARIO XURÍDICO GALEGO**

- ***A Xunta de Galicia achegará 110.000 euros para financiar os traballos de elaboración desta nova publicación, ademais de prestarlles aos seus autores apoio técnico en aspectos lingüísticos e terminolóxicos***
- ***O dicionario constará dun mínimo de 2000 entradas e da súa redacción encargárase un equipo de traballo integrado por xuristas especializados nos diferentes ámbitos do dereito e por lingüistas expertos en lexicografía e terminoloxía***
- ***Un dos obxectivos desta obra é incrementar o uso da lingua galega nos eidos administrativos e xudiciais***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Asociación Revista Xurídica Galega (Rexurga) para a elaboración dun dicionario xurídico galego. Un dos principais obxectivos deste acordo é habilitar ferramentas que fagan posible que o galego teña unha maior presenza nos eidos administrativos e xudiciais, así como favorecer a normalización lingüística de documentos de uso cotián neses ámbitos.

En virtude deste convenio, Política Lingüística achegará, entre este exercicio e o ano 2010, a cantidade máxima de 110.000 euros para a realización das actividades necesarias para a elaboración da dita publicación.

O documento establece as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e Rexurga. Esta última entidade comprométese a constituír un grupo de traballo integrado por xuristas especialistas en diferentes ámbitos do dereito e por lingüistas especializados en lexicografía ou terminoloxía. Ademais, Rexurga realizará os traballos previos de deseño do dicionario e recompilará a información necesaria para levalo a cabo.

### **Características do dicionario**

O dicionario constará dun mínimo de 2000 entradas. As tarefas de elaboración serán supervisadas polo Servizo de Terminoloxía Científico-Técnica en lingua galega (Termigal). Os resultados do traballo, á parte da súa publicación en papel, poranse ao dispor dos profesionais do dereito, dos investigadores e do público en xeral a través das páxinas web das dúas institucións que asinarán o convenio.

Ademais da contribución económica que realizará para o desenvolvemento deste proxecto, Política Lingüística comprométese a facilitarlle a Rexurga, cando sexa preciso,



apoio e asesoramento técnico en materia de aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades do presente convenio.

A asociación Rexurga creárona no ano 1992 un grupo de profesionais e funcionarios do ámbito xudicial coa finalidade de elaborar a *Revista Xurídica Galega*, e desenvolve actividades a favor da galeguización do ámbito da xustiza no noso país.



## O CONCELLO DE ARES INCORPÓRASE Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DE GALICIA

- ***A día de hoxe hai 29 concellos adheridos á Axencia***
- ***Estes concellos delegan na Axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística para determinados tipos de solo***
- ***A APLU é un ente público consorciado ao que os concellos se incorporan de xeito voluntario***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia (APLU) e o Concello de Ares (A Coruña) para a súa adhesión a este órgano consorciado encargado de velar pola utilización racional do solo de conformidade coa normativa urbanística e de protección do litoral, polo que a día de hoxe hai un total de 29 concellos adheridos á Axencia.

A integración de Ares na APLU será plenamente efectiva unha vez asinado o correspondente convenio de colaboración autorizado hoxe polo Consello e logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Cómpre lembrar que a adhesión á APLU é unha decisión voluntaria dos propios concellos, que debe ser aprobada en sesión plenaria municipal.

A partir de agora, os concellos adheridos delegan na Axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística respecto das obras e usos do solo que se realicen en solo rústico, en solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas serán repartidos a partes iguais, de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante se ingresará nas contas municipais.

### **Funcións da APLU**

A APLU é un ente público consorciado do que forman parte a Xunta de Galicia e os concellos que voluntariamente se adhiran a ela. O seu cometido é velar pola utilización racional do solo, a ordenación do territorio especialmente na zona rural e a inspección de áreas sensibles como o litoral na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Os estatutos da Axencia –que foron elaborados por unha comisión mixta integrada por representantes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias - recollen de xeito pormenorizado as súas funcións como son, entre outras, a inspección e vixilancia urbanística sobre os actos de edificación e uso de solo, a adopción das medidas cautelares previstas na lexislación



urbanística, a instrución dos expedientes de reposición da legalidade e dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas, a potestade sancionadora e de reposición da legalidade, o requirimento para a anulación de licenzas contrarias á normativa, o asesoramento e asistencia ás administracións públicas, e as competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que os municipios integrados voluntariamente na Axencia deleguen nela.





## **A XUNTA E AS UNIVERSIDADES GALEGAS COLABORAN NO DESENVOLVEMENTO E NA CONSOLIDACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS E DOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN**

- ***A Administración educativa galega destina máis de 1,4 millóns de euros a este fin***

O Consello da Xunta autorizou a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades galegas para executar accións destinadas ao desenvolvemento e consolidación das infraestruturas científico-tecnolóxicas e os servizos de apoio á investigación no ámbito do Sistema Universitario de Galicia (SUG). O importe total achegado pola Administración educativa galega para este fin ascende a 1.450.000 euros.

O convenio persegue catro obxectivos:

- Promover unha xestión eficiente e sustentable en canto á consolidación, dotación e mantemento das infraestruturas e servizos científicos-tecnolóxicos de cada universidade do SUG.
- Propiciar a coordinación das actuacións das tres universidades neste ámbito, optimizando o gasto e a xestión das infraestruturas, mediante o desenvolvemento dunha oferta de servizos integrada, investindo nas infraestruturas necesarias desde unha perspectiva de sistema e asegurando a súa dotación con persoal cualificado.
- Promover o desenvolvemento dun marco organizativo e operativo común para o conxunto de servizos e infraestruturas e apoio á investigación das distintas universidades, posibilitando o establecemento de protocolos de prestación de servizos de carácter xeral; a definición de tarifas; a definición, consolidación, promoción e difusión dos servizos; o desenvolvemento de sistemas de mantemento das infraestruturas, así como a coordinación dos investimentos. Este marco organizativo e operativo será a base para un consorcio de servizos e infraestruturas, cara ao que se pretende avanzar nos vindeiros anos.
- Potenciar os servizos de apoio na xestión da investigación.

A distribución dos fondos entre as universidades está asociada a indicadores e obxectivos, como a taxa de actividade e xestión en I+D, a optimización do uso dos servizos ou os resultados. Así, a Universidade da Coruña percibirá 391.984 euros, a de Santiago de Compostela 626.883 euros e a de Vigo 431.133 euros.

A Consellería de Educación considera prioritaria a planificación, desenvolvemento integrado e consolidación das infraestruturas científico-tecnolóxicas e dos servizos xerais de apoio á investigación do SUG, para optimizar e rendibilizar as súas capacidades en investigación e transferencia de coñecemento.



## UNHA REDE DE FIBRA ÓPTICA CONECTARÁ AS REDES DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA E PORTUGAL FOMENTANDO A COLABORACIÓN EN I+D+i

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio entre a Consellería de Innovación e Industria e os ministerios de Ciencia e Innovación e de Industria, Turismo e Comercio para despregar os 150 km de fibra da nova Rede de Conexión entre Santiago de Compostela e a fronteira***
- ***O investimento é dun millón de euros e suporá a unión da RedIRIS española, a RECETGA galega e a RCTS portuguesa***
- ***O despregamento da rede permitirá potenciar a colaboración en materia de investigación, desenvolvemento e innovación que fará posible a creación de polos de excelencia en torno a aqueles centros de I+D xa existentes ou que xurdan no futuro***

Unha nova rede conectará as redes de investigación de España, Galicia e Portugal para crear un circuíto interrexional de colaboración que potenciará proxectos transfronteirizos. Así o establece o convenio que autorizou hoxe o Consello da Xunta e que será asinado pola Consellería de Innovación e Industria, a través da súa Dirección Xeral de I+D+i e o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), coas demais entidades implicadas: o Ministerio de Ciencia e Innovación, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a entidade pública empresarial Red.es. Innovación e Industria realizará un investimento de 1.020.000 euros nesta infraestrutura.

A Rede de Conexión suporá a unión da Rede Académica e de Investigación Española (RedIRIS) e a Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia (RECETGA) coa Rede Académica e de Investigación Portuguesa (RCTS). A conexión baseada en fibra escura (fibra óptica xa instalada pero non empregada) realízase entre o punto de conexión na ponte internacional sobre o río Miño e o centro de comunicacións do CESGA en Santiago de Compostela.

O orzamento necesario para materializar o proxecto é de 3.400.000. O 70% do total achégao Red.es, entidade xestora da RedIRIS, que achega 2.380.000 euros con cargo aos recursos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Pola súa banda, a Consellería de Innovación e Industria achegará á Rede de Conexión o 30% restante. A titularidade da Rede de Conexión corresponde ao Ministerio de Ciencia e Innovación e a súa xestión técnica e operativa a Red.es. O CESGA terá dispoñibilidade de uso dun máximo do 30% da infraestrutura adquirida para uso propio de RECETGA.



### **Acordo de cooperación científica**

O despregamento da rede permitirá potenciar a colaboración en materia de investigación, desenvolvemento e innovación que fará posible a creación de polos de excelencia en torno a aqueles centros de I+D xa existentes ou que xurdan nun futuro. O convenio ten a súa base no Acordo de Cooperación Científica e Tecnolóxica entre os dous Estados, asinado en 2003 co obxectivo de promover e fomentar o progreso técnico e científico “no contexto das novas realidades internacionais”.

A rede de conexión conectará as redes académicas entre si e garantirá a adecuada conectividade coas redes internacionais. A infraestrutura que se despregará unirá, con 150 km de fibra escura, os puntos establecidos no CESGA, no Campus As Lagoas – Marcosende (Vigo) e na fronteira con Portugal en Tui. Consta, ademais, de tres equipos ópticos de conmutación e un equipo óptico para iluminar a fibra escura.

### **As tres redes**

RedIRIS é a rede de comunicacións da comunidade académica e científica do Estado, con máis de 300 centros afiliados, que permite que os seus membros dispoñan da conectividade avanzada e servizos de rede necesarios para colaborar con outros centros de forma remota. RedIRIS presta, ademais, diversos servizos telemáticos ás súas institucións afiliadas (mobilidade, autenticación, listas de distribución, seguridade, grid, multimedia, asesoramento, organización de eventos, etc.). Na actualidade RedIRIS é competencia do Ministerio de Ciencia e Innovación e está xestionada por Red.es.

RECETGA é a rede académica e de investigación que conecta os centros universitarios e de investigación galegos co resto da comunidade científica mundial a través de RedIRIS desde 1993. A súa xestión corresponde ao CESGA.

Pola súa banda, a rede académica e de investigación portuguesa Fundação para a Computação Científica Nacional (FCCN) realizou nos últimos anos os traballos necesarios para chegar coa súa infraestrutura de fibra RCTS (Rede Ciência Tecnologia e Sociedade) ata a fronteira en Galicia, o que permite agora unir as redes de ambos os dous lados da fronteira.



## **A XUNTA ASINA COA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN UN CONVENIO POR VALOR DE 332.000 EUROS**

- ***Esta colaboración económica é para axudar no gasto ordinario e para a fixación dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento desta modalidade deportiva***

A Consellería de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral para o Deporte, asinará un convenio de colaboración coa Federación Galega de Balonmán (FGBm), por un custo total de 332.000 euros, dos que 194.000 euros corresponden ao ano 2008 e 138.000 euros ao ano 2009.

Este convenio, que foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta, ten como finalidade axudar a FGBm no gasto ordinario, así como fixar programas para a promoción do deporte feminino, a integración no deporte, fomentar a participación das seleccións galegas ou para o mantemento da estrutura e a utilización do galego nos sinais de identidade corporativa, entre outros.



## **A XUNTA DESTINA 90.000 EUROS Á REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN DE AXENTES COMUNITARIOS NA IDENTIFICACIÓN DE PROBLEMAS DE SAÚDE**

- ***A Universidade Internacional Menéndez Pelayo, a Confederación Galega de Asociacións Veciñais e a Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública colaborarán coa Xunta de Galicia nesta iniciativa***
- ***Galicia foi a primeira comunidade española en poñer en marcha esta formación para líderes veciñais***
- ***Estes cursos comezaron no ano 2006, e forman parte do fomento da participación real da cidadanía no sistema sanitario***

A Consellería de Sanidade vai asinar un convenio de colaboración coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo, coa Confederación Galega de Asociacións Veciñais e coa Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública, para o desenvolvemento dun programa de formación de axentes comunitarios na identificación de problemas de saúde.

No posicionamento estratéxico da Consellería de Sanidade para o período 2005-2009 reflíctese, como prioridade, o feito de fomentar a participación real da cidadanía dentro do Sistema Sanitario Público de Galicia. Nesta mesma iniciativa enmárcanse a posta en marcha das comisións de participación cidadá en 11 áreas sanitarias, do Consello Galego de Saúde e do Consello Asesor do Sistema Sanitario.

A Consellería de Sanidade considera que o dereito a participar na saúde supón recoñecer que a poboación, tanto no ámbito individual como colectivo, debe acadar maior autonomía e responsabilidade na xestión do social, entendendo a sociedade no seu conxunto como protagonista e responsable do seu propio desenvolvemento. Isto engloba involucrar a comunidade na análise dos seus problemas de saúde e na identificación das necesidades de saúde máis importantes tales como: reforzar o papel protagonista da cidadanía como suxeito do coidado de saúde, aumentando a súa responsabilidade; desenvolver os servizos sobre unha base comunitaria e, ademais, potenciar a abordaxe multisectorial e a coordinación intersectorial.

Neste sentido, o departamento autonómico, consciente de que o bo estado de saúde da poboación e o seu desenvolvemento son inseparables, xa estableceu un convenio de colaboración no ano 2006 coa Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública e a Confederación Galega de Asociacións Veciñais, dirixido a proporcionar unha formación básica dos representantes das organizacións sociais para, deste modo, capacitalos como axentes de saúde de cara a participar, de xeito activo e consciente, nos órganos de participación comunitaria. Galicia foi a primeira comunidade autónoma en poñer en marcha estes cursos formativos.



Por este motivo, a Consellería de Sanidade considera necesario establecer un novo convenio de colaboración para a organización e desenvolvemento dun programa de cursos que lles proporcione os coñecementos necesarios como axentes de saúde.

### **Financiamento**

O financiamento para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, que terá lugar entre finais de 2008 e finais de 2009, será por conta da Consellería de Sanidade; destinaranse 70.000 euros á Universidade Internacional Menéndez Pelayo e 20.000 euros á Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública.



## **MÁIS DE 35.000 PROFESIONAIS DA SANIDADE GALEGA BENEFICIARANSE DO ACORDO MARCO SUBSCRITO ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS CIG, UGT e SATSE**

- ***Con este acordo o Goberno galego pretende captar e reter profesionais de alta especialización; proporcionar aos profesionais unhas condicións laborais que permitan a ampliación de servizos asistenciais; e homoxeneizar as condicións de traballo dos empregados da sanidade pública galega cos do resto do Estado***
- ***O Servizo Galego de Saúde e CIG, UGT e SATSE abordan neste acordo medidas especificamente orientadas a combater a escaseza de profesionais de alta especialización***
- ***Establécese o incremento, de xeito gradual e sostido nos vindeiros catro anos, do prezo por hora de servizo de garda que realizan os profesionais médicos e demais licenciados sanitarios***
- ***Ratifícase o límite máximo de 48 horas semanais para o réxime de xornada***
- ***O acordo prevé a redefinición do complemento específico do persoal médico e demais licenciados sanitarios dos hospitais e centros de saúde***
- ***Mellórase a indemnización aos profesionais de Atención Primaria polos desprazamentos que realizan para atender domicilios***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo entre o Servizo Galego de Saúde e as organizacións sindicais CIG, UGT e SATSE para a dinamización das políticas de persoal da sanidade pública galega nos vindeiros catro anos.

O acordo aprobado hoxe polo Goberno galego beneficiará o colectivo do persoal estatutario, ao cal lle resulta de aplicación o sistema retributivo da Lei 55/2003 do Estatuto marco. En consecuencia, ademais de ser aplicable ao persoal do Servizo Galego de Saúde, tamén beneficiará o persoal estatutario derivado do proceso de integración das fundacións públicas sanitarias adscritas á Consellería de Sanidade. Estímase, polo tanto, que afectará máis de 35.000 profesionais que prestan servizo nos hospitais e centros de saúde do Servizo Galego de Saúde.

O contido do pacto suscrito pola Consellería de Sanidade coas organizacións sindicais está orientado a tres obxectivos fundamentais. En primeiro lugar, captar e/ou reter profesionais de alta especialización no Sistema Sanitario Público de Galicia; en segundo termo, proporcionar unhas condicións laborais que permitan a ampliación de servizos asistenciais á cidadanía e melloren a accesibilidade ás prestacións sanitarias. E por último, trátase de homoxeneizar as condicións de traballo e retributivas do cadro de persoal da sanidade pública galega para situalo no contorno das que se teñen establecido no ámbito do Sistema Nacional de Saúde.





### **Persoal de alta especialización**

O Servizo Galego de Saúde e os sindicatos asinantes abordan neste acordo medidas especificamente orientadas a combater a escaseza de profesionais de alta especialización en Galicia que están a padecer actualmente todos os servizos sanitarios do Estado.

Para iso, establécense medidas de mellora das condicións retributivas para as prestacións de servizos estimadas como de maior penosidade no ámbito das institucións sanitarias para colectivos profesionais altamente especializados e de elevada demanda no mercado laboral sanitario.

Entre esta medidas cómpre salientar o incremento, de xeito gradual e sostido nos vindeiros catro anos, do prezo por hora de servizo de garda que realizan os profesionais médicos e demais licenciados sanitarios.

Así mesmo, acórdase mellorar a remuneración por servizos de garda do persoal diplomado sanitario, e os módulos dos equipos de transplantes, perfusión, hemodinámica e histoloxía, nas mesmas porcentaxes e coa mesma efectividade temporal previstas para o persoal médico.

Ademais acórdase, tamén, incrementar a remuneración do tempo de traballo que desenvolve o persoal das institucións sanitarias no que concorren condicións de especial penosidade (xornada nocturna, traballo en días festivos e fins de semana, e servizos en datas do mes de Nadal e de especial significación). Así mesmo, ratifícase o límite máximo de 48 horas semanais para o réxime de xornada.

### **Ampliación de servizos sanitarios á cidadanía**

O acordo aprobado hoxe polo Goberno galego incorpora medidas de mellora profesional que inciden directamente no incremento da accesibilidade dos galegos aos servizos sanitarios.

Deste xeito, no acordo habilítanse dotacións económicas para a redefinición do complemento específico do persoal médico e demais licenciadas e licenciados sanitarios dos hospitais públicos e centros de saúde galegos. Este proceso de redefinición, que estará orientado a potenciar a dedicación exclusiva dos profesionais ao Sistema Sanitario Público de Galicia, establecerá mecanismos dirixidos a optimizar o funcionamento dos recursos sanitarios, tales como incrementar a actividade de tarde nos hospitais, mellorar os protocolos asistenciais e, en xeral, poñer máis tempo de traballo dos nosos especialistas á disposición da cidadanía.

Por outra banda, o acordo ampara a definición e implantación de itinerarios profesionais nas institucións sanitarias galegas. Deste xeito, Administración e sindicatos poderán habilitar vías ordenadas e regradas de desenvolvemento da vida profesional do persoal da sanidade en termos compatibles co mantemento da continuidade asistencial en dispositivos nos cales existen dificultades para a captación de profesionais, ben polo alto





nivel de requirimento (servizos de urxencias hospitalarias) ou ben pola súa situación xeográfica (hospitais comarcais).

Neste liña xeral de medidas dirixidas ao incremento da accesibilidade da cidadanía aos servizos sanitarios, tamén se inclúen no acordo aprobado outras específicas tales como á mellora da indemnización aos profesionais de Atención Primaria polos desprazamentos que realizan para atender domicilios, ou a adecuación da remuneración pola realización de quendas de traballo, entre as que se prevé a implantación dunha remuneración específica pola atención á cidadanía en quenda de tarde.

### **Equiparación ao Sistema Nacional de Saúde**

Como terceiro obxectivo, o acordo aprobado hoxe incorpora medidas dirixidas a dotar aos profesionais da Sanidade pública galega dunhas condicións de traballo e retributivas que os sitúen no contorno das que están establecidas no conxunto do Sistema Nacional de Saúde.

Deste xeito, procúrase que os profesionais galegos non teñan que abandonar Galicia para incorporarse a outros servizos de saúde e, polo tanto, favorécese a súa opción por traballar no Servizo Galego de Saúde. Así mesmo, facilítaselles a profesionais doutros servizos de saúde a posibilidade de incorporarse ás institucións sanitarias galegas, especialmente naquelas profesións sanitarias en que Galicia é aínda deficitaria.

Entre estas medidas encádranse a nivelación do complemento de destino que se aplicará ás categorías de persoal sanitario e persoal de xestión e servizos a partir deste ano 2008. A esta medida seguiránlle outras melloras no período 2009-2012 que deberán ser dimensionadas e concretadas no ámbito de desenvolvemento do propio acordo e que poderán ter carácter lineal.

O acordo prevé, tamén, a revisión dos niveis correspondentes aos postos de coordinación, a implantación dunha axuda por fillo/a a cargo que non acade a idade obrigatoria para os estudos de primaria (que substituirá a actual axuda por gardaría infantil), o establecemento de sistemas para a resolución extraxudicial de conflitos e a revisión do réxime de xornada, vacacións, licenzas e conciliación da vida laboral e social.

O acordo aprobado hoxe terá efectos retroactivos xa que a súa vixencia se establece desde o 1 de xullo de 2008 ata o 31 de decembro de 2012. No período 2009-2012 a Xunta de Galicia dedicará, anualmente, uns 30 millóns de euros para facer fronte ao custo tanto das medidas de aplicación aos profesionais sanitarios actuais, como dos novos postos de traballo que, en desenvolvemento do propio acordo, se crearán nos hospitais e centros de saúde, o que supón ao redor dun 2 por cento sobre as actuais dotacións orzamentarias para atender os custos de persoal do Servizo Galego de Saúde.



## **A XUNTA, A USC E O CONSELLO DO MEXILLÓN ESTUDAN A EFICACIA DA DEPURACIÓN INTENSIVA NA ELIMINACIÓN DE VIRUS EN BIVALVOS**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre os tres organismos para a posta en marcha dun estudo que estará vixente ata mediados de decembro de 2009***
- ***Esta iniciativa dálle continuidade a unha actividade de investigación desenvolvida polas tres entidades en 2007 e 2008 e as dúas responden á preocupación pola repercusión que ten no sector marisqueiro galego a contaminación microbiolóxica provocada polas verteduras fecais***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca, a través do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar), a Universidade de Santiago de Compostela e o Consello Regulador do Mexillón, para a posta en marcha do proxecto “Valoración da eficacia da eliminación de virus e outros indicadores de contaminación fecal en sistemas de depuración intensiva” de moluscos bivalvos.

Esta iniciativa dálle continuidade a unha actividade de investigación desenvolvida polas tres entidades nos anos 2007 e 2008 e as dúas responden á preocupación pola repercusión que ten no sector marisqueiro galego a contaminación microbiolóxica provocada polas verteduras fecais.

Na actualidade existe en Galicia unha normativa do ano 2006 que dá cumprimento á lexislación europea de 2004, pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas competenciais da nosa Comunidade. A orde permite garantir a idoneidade dos produtos extraídos das rías galegas atendendo aos resultados das análises periódicas realizadas polo Intecmar. Desde a Unión Europea apóstase por desenvolver novos métodos analíticos para establecer criterios axeitados en relación cos virus patóxenos en moluscos bivalvos vivos. Neste contexto, enmárcase o convenio de colaboración entre o Intecmar, a USC e o Consello Regulador.

### **Produtos a depurar**

O proxecto tratará de afondar no estudo dos índices de depuración de virus e outros indicadores fecais en moluscos bivalvos con elevados niveis de concentración bacteriana, mediante o emprego de sistemas de depuración continua comerciais e experimentais. Estará vixente ata mediados de decembro de 2009, ben que poderá ser prorrogado de mutuo acordo entre as partes, e a coordinación e responsabilidade da iniciativa recaerá nas unidades de microbioloxía e viroloxía do Intecmar.

Ademais, contarase coa cooperación da Dirección Xeral de Recursos Mariños en labores de apoio científico-técnico, xestión de mostras e coordinación co sector. De feito, como un dos recursos que se pretende depurar no marco do proxecto é a ameixa, o departamento de Pesca encargarse de obter este molusco de zonas de produción clasificadas como C en función da súa dispoñibilidade, garantindo a súa entrega nas datas acordadas para o



seu traslado á depuradora. En caso de que a depuración sexa controlada, a procedencia da ameixa poderá ser de calquera outra zona, xa que se vai realizar unha bioacumulación en laboratorio.

Ademais, empregarase mexillón de batea que será obtido polo Consello Regulador e será contaminado no medio natural, mediante o seu traslado a mesas situadas en “zona C” no caso da depuración nun sistema comercial ou no laboratorio para a depuración experimental, podendo deste xeito ter a curva de depuración partindo dunha carga de contaminación elevada.

Os parámetros que se van analizar nos diferentes controis son a concentración de coliformes totais e E-coli na auga, a acumulación de E-coli por cada 100 gramos de molusco, parámetros fisicoquímicos da auga e a presenza de virus (Norovirus e Hepatite A) nos moluscos antes e durante o proceso de depuración. Ademais, no caso da depuradora experimental, as probas de bioacumulación terán lugar en tanques de auga de mar en condicións controladas no laboratorio da USC.

As experiencias serán semanais; realizarase o traslado do produto á depuradora os luns e tomaranse mostras ao principio do proceso e posteriormente cada día da semana. En cada tempo de análise tomarase unha mostra de auga e outra de catro quilogramos de recurso para ter reserva en caso necesario.

### **Actividades en 2008 e 2009**

O exercicio actual inclúe as reunións de planificación e coordinación de tarefas e o calendario de actividades que se van desenvolver, as xestións necesarias para establecer as relacións coas confrarías implicadas e as compras do material necesario para levar a cabo as primeiras experiencias. Pola súa banda, no ano 2009 realizaranse as actividades de depuración con diferentes temperaturas para establecer as condicións idóneas para a eliminación de virus nas mostras de moluscos, a elaboración dos datos e a redacción do informe técnico cos resultados do proxecto.



## **O GOBERNO GALEGO ACOMETERÁ A SEGUNDA FASE DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA POTABLE EN PAREDES, NO CONCELLO PONTEVEDRÉS DE VILABOA, POR UN IMPORTE DE 438.850 EUROS**

- *O Consello autorizou hoxe a colaboración técnica e económica entre a consellería e o concello para a execución das obras, que serán financiadas na súa totalidade por Medio Ambiente*
- *O proxecto ten un prazo de execución de seis meses*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible acometerá a segunda fase da rede de distribución de auga potable en Paredes, no concello pontevedrés de Vilaboa, por un importe de 438.850 euros. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e económica entre a consellería e o concello para a execución das obras, que serán financiadas na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente.

O proxecto para a rede de distribución de auga potable en Paredes ten un prazo de execución de seis meses. As obras consistirán na instalación de tres tramos de tubaxe que permitirán a distribución efectiva da auga potable ao núcleo de Paredes.

A Consellería de Medio Ambiente financiará as obras nunha única anualidade, con cargo aos orzamentos de 2009.



## **A XUNTA APROBA UN INVESTIMENTO DE 1,9 MILLÓNS DE EUROS PARA MELLORAR A REDE DE ABASTECIMENTO E A CALIDADE DA AUGA DO CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

- ***O custo total da actuación, que ten un prazo de execución previsto de 12 meses, ascende a 2,1 millóns de euros***
- ***As obras, que teñen coma fin aumentar a dotación de abastecemento e a calidade das augas tratadas de rede actual do concello de Foz, consistirán na construción dun novo depósito e a mellora das instalacións actuais***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnico-financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co concello de Foz (Lugo) para levar a cabo unha mellora na rede de abastecemento de auga ao municipio. Medio Ambiente achegará o 90 por cento do custo da obra, 1.960.213 euros, mentres que Foz completará o investimento con 217.801 euros.

En 2008, a Xunta e o municipio investirán a mesma cantidade, 108.900 euros, mentres que no próximo exercicio a consellería destinará a estas obras hidráulicas 1.851.312 euros. O concello de Foz, pola súa banda, volverá asumir en 2009 un custo de 108.900 euros. O investimento total da actuación, que ten un prazo de execución previsto de 12 meses, ascende a un importe de 2.178.014 euros.

As obras, que teñen como fin aumentar a dotación de abastecemento e a calidade das augas tratadas de rede actual do concello de Foz, permitirán limpar de vexetación e dragar a captación de auga existente no río Ouro, para aumentar o caudal dispoñible.

Ademais, realizarase unha limpeza de vexetación, dragaxe e estabilización das marxes da canle natural da conducción da captación ata a estación de tratamento de auga potable (ETAP) e, na canle de formigón, retiraranse os elementos deteriorados e farase un entubado e impermeabilización local do paramento interior para evitar filtración. Tamén se protexerán as marxes e noiros con gabións e malla metálica.

Na actual ETAP renovarase a estrutura metálica dos cinco filtros de area e as instalacións interiores de saída da auga tratada, liña de aire e lavado de filtros, o que permitirá aumentar o rendemento da planta e garantir o caudal de bombeo actual. No depósito de Farouzo, onde chega a auga tratada na ETAP, farase unha rehabilitación interior e exterior con reimpermeabilización integral da cuberta e cambiaranse as conducións de entrada e saída da auga.

Así mesmo, construírse un novo depósito de 4.089 metros cúbicos de capacidade, que será prefabricado de paneis pretensados con cámara de claves, que aumentará a capacidade de regulación e almacenamento da rede. Tamén se executará un muro de dique para contención de terras e un peche conxunto para os dous depósitos.



## **O GOBERNO INVISTE 347.000 EUROS NA DOTACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN NO CONCELLO DE VILAMARÍN (OURENSE)**

- ***O convenio estipula a construción dunha depuradora compacta e dun novo sistema de depuración, así como tres colectores e un novo ramal de saneamento***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible inviste 347.786 euros na mellora das infraestruturas de saneamento e depuración na capitalidade do Concello de Vilamarín (Ourense), segundo un convenio que autorizou hoxe o Consello da Xunta.

O investimento necesario para levar a cabo esta actuación en materia hidráulica, que ten un prazo de execución previsto de tres meses, aboarase en 2009.

As actuacións consistirán na construción dunha depuradora compacta para 500 habitantes equivalentes dun único módulo. Ademais, instalarase unha rede de saneamento e un sistema de depuración, polo que se construírá un colector que derivará a unha rede que conducirá as augas a outra depuradora, evitando así que se verta nunha fosa con funcionamento deficiente. Un novo ramal de saneamento dará servizo a unha zona que actualmente carece del.

Ademais, instalaranse dous colectores máis que levarán as augas residuais ata un novo sistema de depuración, que pode tratar as augas de 200 habitantes equivalentes.



## **A XUNTA AUTORIZA A SINATURA DOS CONVENIOS PARA A POSTA EN MARCHA DE PLANS DE FORMACIÓN NO SECTOR DA AUTOMOCIÓN**

- ***O obxectivo é formar os traballadores das empresas afectadas pola crise, sempre e cando manteñan os postos de traballo***
- ***Poderán acollerse ás subvencións as empresas do Clúster da Automoción, así como aquelas cuxa produción dependa nun 40% da industria do automóbil***
- ***As entidades beneficiarias contarán cunha axuda única para formación, que será desenvolvida durante o período de parada obrigada de produción***

O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dos convenios de colaboración que teñen por obxectivo paliar os efectos da crise no sector da automoción. A través dun investimento total de 10 millóns de euros, o Executivo autonómico busca que as empresas dedicadas á industria do automóbil que sufran unha parada obrigada de produción impartan durante ese período formación especializada aos seus traballadores. O Consello aprobou o convenio tipo para formalizar esta subvención coas empresas beneficiarias. Así pois, o conselleiro de Traballo queda habilitado para a sinatura individual dos convenios correspondentes, por un importe máximo de 400.000 euros por cada un deles.

O plan pretende que o sector da automoción saia reforzado da difícil situación económica actual, a través da formación permanente dos seus traballadores e traballadoras, co fin de manter no futuro a competitividade e produtividade das empresas afectadas. Por iso a Xunta de Galicia establece unha serie de medidas para a formación dos traballadores daquelas empresas que se vexan afectadas pola crise, sempre e cando manteñan os postos de traballo.

Para estes efectos, enténdese por empresas do sector da automoción aquelas empresas integradas no Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA), aquelas empresas integradas na *Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia* (ASIME) cuxa produción se dedique como mínimo nun 40% á industria do automóbil; e aquelas outras empresas que, aínda non estando integradas en ningunha asociación, cumpran este mesmo requisito.

As empresas beneficiarias contarán cunha axuda única para a formación dos seus traballadores e traballadoras, formación que se levará a cabo no tempo de parada obrigada da produción.

As empresas que poden ser beneficiarias das axudas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Non ter aprobado ningún expediente de regulación de emprego ao abeiro do estipulado no artigo 47 do Estatuto dos traballadores para o mes de decembro.





- Acreditar a aplicación de todas as medidas de flexibilidade posibles ante o descenso da produción.
- Presentar unha memoria explicativa acreditativa das causas do impacto da crise do sector na produción da empresa, na cal figure o estudo e a evolución da situación económica da empresa nos últimos seis meses, en comparación con períodos temporais anteriores; o número e categoría dos traballadores e traballadoras empregados no último ano e o volume de traballadores e traballadoras que recibirán formación durante a vixencia do plan.
- Presentar un plan de formación específico no cal constarán os obxectivos que se queren acadar con el, o número de horas que se van impartir e o custo aproximado para a empresa.

### **Fórmula de concesión**

As axudas serán concedidas de forma directa, de acordo co artigo 19.4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, que establece na súa epígrafe C que se poderán conceder de forma directa, con carácter excepcional, aquelas subvencións nas cales se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

O procedemento de concesión directa realizarase mediante convenio, no cal se establecerán as condicións e os compromisos aplicables a el conforme o artigo 26 de Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. As cantidades que percibirá cada unha das empresas libraranse no momento da sinatura de dito convenio.

O importe global das axudas establécese en 10 millóns de euros, que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 16.03.323B.471.1, do orzamento de gastos da Consellería de Traballo, sendo responsabilidade das propias empresas o custo dos plans que superasen esta cantidade.

Constituirase unha comisión externa, da cal formarán parte representantes da Consellería de Traballo, da Confederación de Empresarios de Galicia, Asime, o Clúster de Empresas de Automoción de Galicia e representantes dos tres sindicatos máis representativos en Galicia –actual composición do Foro da Automoción no ámbito das relacións laborais-, para a realización do seguimento das ditas axudas.





## **O GOBERNO GALEGO SUBVENCIONA CON 50.400 EUROS O ALUGUER DE VIVENDAS PARA SETE FAMILIAS DOS ASENTAMENTOS CHABOLISTAS DAS RISCAS, CAMPANILLAS E CEPETAL EN XINZO DE LIMIA**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e o Concello de Xinzo para o aluguer de sete vivendas***

A Consellería de Vivenda e Solo subvenciona con 50.400 euros o aluguer de vivendas destinadas ao realoxo de sete familias que viven nos asentamentos chabolistas das Riscas, Campanillas e Cepetal no municipio de Xinzo de Limia. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello para o alugamento de sete vivendas para estas familias no marco do programa de erradicación do chabolismo.

O departamento autonómico subvenciona o 80% do prezo total do aluguer das sete vivendas, que ascende a 63.000 €. O resto do importe, 12.600 € que supoñen o 20%, será achegado polo concello e as familias.

As vivendas serán cedidas a estas sete familias en réxime de aluguer durante tres anos. O Concello de Xinzo de Limia encargárase do seguimento dos programas de integración, e comprométese a derrubar as chabolas en que viven estas familias na actualidade, así como a sanear os terreos a través da recollida de entullos e limpeza do solar.

Este convenio asínase ao abeiro da Lei 5/1989, do 24 de abril, de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. A orde da Consellería de Vivenda e Solo, do 15 de maio de 2008, de subvencións aos concellos, establece que se poderá subvencionar a adquisición de vivendas novas ou usadas por parte das entidades locais coa finalidade de realoxar os residentes de chabolas. A subvención da consellería poderá acadar ata o 80% do prezo da vivenda.

Esta orde tamén recolle subvencións para que o propio chabolista adquira unha vivenda, nova ou usada, ou promova el mesmo a construción da súa vivenda. No primeiro caso a subvención pode acadar ata o 30% do prezo de compra e no segundo caso ata o 50% do orzamento protexible de construción da vivenda.

A Consellería de Vivenda e Solo ten entre as súas liñas de traballo a colaboración para a erradicación do chabolismo e da infravivenda, en actuacións solicitadas por instancia dos concellos. No ano 2008 a partida orzamentaria destinada á erradicación do chabolismo é de 5,1 millóns de euros.